

## RISCOS DERIVADOS DO USO

- Contacto co disco de corte
- Proxección da peza cortada
- Contactos eléctricos



## EQUIPOS DE PROTECCION INDIVIDUAL



## NORMAS DE SEGURIDADE

- ✗ Lea o manual de instrucións da ingletadora antes de utilizala por primeira vez
- ✗ Inspeccionar a máquina antes de utilizala. Verificar o bo funcionamento do equipo.
- ✗ Moita precaución coa posta en funcionamento accidental ao enchufar o tronizador. Antes de inserir o enchufe nunha toma, asegúrese que o interruptor está na posición OFF.
- ✗ **Desconectarse** o tronizador/ingletadora da rede eléctrica antes de realizar operacións de mantemento e no cambio do disco e demais accesorios.
- ✗ Non deixe o tronizador desantendido en funcionamento. Cando non vaia utilizar o tronizador, desenchúfeo.
- ✗ Manter a mesa do tronizador libre de labras, recortes,....



- ✗ A suxeición da peza que hai que cortar á mesa de apoio non se debe realizar nunca manualmente, senón coa axuda de prensaes (parafusos de carpinteiro) axeitados que garantan en calquera circunstancia unha sólida fixación á mesa de apoio da peza que hai que cortar.



- ✗ O disco de corte dos tronizadores debe dispor dunha pantalla que garanta a protección total de disco en posición de repouso; durante o funcionamento debe deixar ao descuberto unicamente a parte do disco necesaria para o corte.



- ✗ Cando se corta pola parte superior do disco, este debe dispor de coitela divisor e carcasa de protección. Prohibido retirar estes elementos de protección.

- ✗ Manter as mans afastadas da traxectoria do disco.
- ✗ Para pezas de traballo que sobrepasan a lonxitude da mesa da ingletadora, utilice soportes.
- ✗ Substituír o disco cando estea deteriorado ou presente algún dano.
- ✗ Inspeccionar regularmente cada compoñente do tronizador reapertando parafusos ou pezas que estean frouxos.
- ✗ Inspeccionar regularmente os cables eléctricos. Non utilizar o tronizador preto da auga.
- ✗ Deberase utilizar lentes cando se corta coa ingletadora, así como protectores auditivos.
- ✗ Para realizar tarefas de refendido de perfís, é obrigatorio o emprego de empurradores que permitan manter afastadas as mans do disco de corte.